



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

...

/:O viño vaise bebendo:/
o cariño vai entrando
a honra vaise perdendo.
Ai la la...

/:Asubía que vai vento:/
tamén eu asubiba
cando era do teu tempo.

/:Nós d'aquí e vós d'aló:/
/:somos tantos coma vós:/
nós comemo-la ghaliña
as sornas son para vós-e.
A la la...

Tiruliru, miña ghaita,
tiruliru, meu ghaiteiro,
teño tres ghaitas e media
fáltamó tiriboleiro
Ai la la la ...

/:Jasusño meu amor:/
s'estudias para cura
sera-lo meu confesor-e.
A la la...

Non me mires, no me mires
que eu non quero ser mirada

...

no quero ser marmurada.
A la la...

Hai un ano, hai un día,
hai un ano, hai un día,
hai un ano, hai un ano,
eu a tí xa te quería.
Ai la...

/:Lúa arriba ha d'habere:/
quen me der'a min sabere
... i ño de sabere.
Ai le le le la...



/:Muito hai que te non vin:/
e logo hai tres semanas
para min e para ti
foron malas andanzas.